

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de xullo de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día sete de xullo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(963).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(964).- SOLICITUDE DE EVENTO GLOBAL ORGANIZIA PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO VIGOARENA 2009 O DÍA 11.07.09 NA PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 8725/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 26.06.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Evento Global Organiza, un programa de deportes de verán denominado VI-GOARENA2009, este evento comenará o 11 de xullo e rematará o 6 de agosto de 2009 e se levará a cabo na praia de Samil, ao carón da desembocadura do río Lagares.

3(965).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA OS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN COA XUNTA DE GALICIA- ANO 2009. EXPTE. 5681/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 2.07.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1- Aceptar a subvención concedida na resolución da Xefa Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 18 de xuño de 2009, en base a Orde de 29 de xuño de 2008 da Consellería de Traballo que regula a convocatoria dos Programas de Cooperación para o exercicio do ano 2009, cos expedientes TR351A 2009/308-5, TR351A 2009/314-5, TR351A 2009/325-5 e TR351A 2009/337-5, na que unha vez avaliada a solicitude presentada, resolve conceder unha subvención polo importe total de 493.434,01 €, para a posta en marcha dos Programas de Cooperación para o exercicio do ano 2009.

2- Encomendar ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, a xestión dos Programas de Cooperación para o exercicio do ano 2009 conforme ao establecido na Orde de 29 de xuño de 2008 da Consellería de Traballo que regula a convocatoria dos Programas de Cooperación para o exercicio do ano 2009, pola que se subvenciona a contratación, por parte das entidades locais, de persoal traballador desempregado con especiais dificultades de inserción, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social e proceda ao axuste do contido do proxecto ao presuposto aprobado, reducindo aquelas actividades do proxecto orixinal que se estime convinte.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta e oito minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.